

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Rodríguez, Fco José

Prada Rodríguez, Julio

Presedo Garazo, Antonio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Alumnado

Lozano Ramírez, A.Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

A xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 18 de decembro de 2020, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de decembro de 2020 e das actas das dúas sesións extraordinarias realizadas o día 10 de decembro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.
4. Aprobación, se procede, da nova modificación na data do calendario de exames do primeiro cuadrimestre do curso 2020/2021 para a materia “Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe”
5. Rolda de intervencións.

Desculpa ausencia:

Vicedecano

Fernández Fdez, Adolfo

PDI

Pérez Losada, Fermín

A decana pasa a dar lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relaciona á marxe desta acta.

1. **Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 4 de decembro de 2020 e das actas das dúas sesións extraordinarias realizadas o día 10 de decembro de 2020.**

Apróbanse as actas por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Comeza o seu informe informando que, en relación as aulas integra, chegaron as tabletas que se solicitaron, unha por cada aula, unha vez conectada ao ordenador da aula, o que se escriba na tableta se proxectará na pantalla. Xa se lle comunicou ao SAUM de Ourense, para que procedan á súa instalación e puxéronse en contacto con Beatriz Vaquero para que coordine as necesidades co profesorado.

A profesora Beatriz Vaquero indica que desde o SAUM precisan que se lles informe sobre o uso que se desexa dar ás tabletas para a docencia e propón que se lle envíe a ela as necesidades que se teñan para tentar unificalas e transmitirllas aos servizos informáticos. A decana agradécelle a súa colaboración no proceso.

3. Aprobación, se procede, das solicitudes de quinquenios presentadas polo profesorado.

A presidenta da lectura ao nome das persoas que solicitan quinquenios:

- Beatriz Comendador Rey, desde o 28/07/2015 ata o 27/07/2020
- Elena de Uña Álvarez, desde o 14/02/2015 ata o 13/02/2020
- Yolanda Barriocanal López, desde o 11/11/2015 ata o 10/11/2020
- José Antonio Díaz Fernández, desde o 01/09/2014 ata o 11/12/2020

Apróbanse por asentimento todas as solicitudes presentadas.

4. Aprobación, se procede, da nova modificación na data do calendario de exames do primeiro cuadrimestre do curso 2020/2021 para a materia “Xeografía Aplicada: Territorio e Paisaxe”

Inicialmente xa se pedira o cambio de data deste exame por coincidir a orixinal en día non lectivo, agora o alumnado solicitou un novo cambio. A nova proposta de data, que está consensuada entre o profesor responsable da materia e o alumnado, é o 21/01/2021, en horario 16.30 a 18.30. Habrá un máximo de 40 alumnos e está reservada a aula 4.3 que ten capacidade para un máximo de 46 alumnos respectando a distancia de seguridade.

Apróbase a proposta por asentimento.

5. Rolda de intervencións.

A profesora Beatriz Comendador lembra que o día no que están proxectadas as eleccións a decana/o ten programada unha actividade académica. A decana afirma que se están facendo as consultas ao profesorado para que non



coincida con ningunha actividade e se é preciso realizaranse á tarde. Lembra que debe comunicarse á secretaría do decanato se alguén ten unha actividade nese día e o horario desta.

Non se realizan máis intervencións.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.20 h do día 18 de decembro de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba